

FP BÁSICA INFORMÁTICA E COMUNICACIÓN (PRESENCIAL)

O CPR. Nebrija Torre de Hércules é un centro homologado e concertado coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que formou profesionais na cidade de A Coruña dende o ano 1945.

A FP Básica de Informática e Comunicación é **totalmente gratuita, sen matrícula nin cotas mensuais**. Para poder cursar estes estudos o alumnado debe cumprir os **requisitos seguintes de forma simultánea**:

- Ser proposto/a polo equipo docente
- Consentimento do pai, da nai ou do/a titor/a legal
- Cumprir 15 ou 16 anos no ano de inicio do ciclo formativo
- Ter cursado o terceiro curso de Educación Secundaria Obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso.

A proposta do equipo docente, tamén poderá solicitar a admisión na Formación Profesional Básica o alumnado de 17 anos cumpridos no ano de inicio do ciclo formativo e que estea escolarizado na Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).

A FP Básica de Informática e Comunicación ten unha **duración** de dous cursos académicos de setembro a xuño.

O **PRIMEIRO CURSO** realízase no centro escolar en horario de mañá (de 8:30h a 13:50h) e unha tarde á semana (2 sesións de 50 minutos). Os módulos do primeiro curso son os seguintes:

- MP3009. Ciencias aplicadas I.
- MP3011. Comunicación e Sociedade I.
- MP3029. Montaxe e mantemento de sistemas e compoñentes informáticos.
- MP3015. Equipos eléctricos e electrónicos.

O **SEGUNDO CURSO**, tamén en horario de mañá e unha tarde (2 sesións de 50 minutos), está organizado en dous trimestres académicos no centro educativo e, no caso de ter superado todos os módulos, no último trimestre realizaranse as prácticas nas empresas coas que temos convenio asinado. Os módulos do segundo curso son os seguintes:

- MP3016. Instalación e mantemento de redes para transmisión de datos.
- MP3019. Ciencias aplicadas II.
- MP3012. Comunicación e Sociedade II.
- MP3030. Operacións auxiliares para a configuración e a explotación.
- MP3032. Formación en centros de traballo. (Maio-xuño)

O período de **RESERVA DE PRAZA** iníciase a primeira semana de setembro. **SE DESEXA QUE O AVISEMOS** cando empece o período de reserva, envíe correo indicando o seu nome, apelidos e medio de contacto polo que desexa ser avisado (**correo electrónico ou teléfono**).

Máis información no teléfono 981 259 006

web: www.cprnebrija.es

Correo electrónico: cpr.nebrija@edu.xunta.gal